



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN DE PARAPLÉJICOS Y GRANDES MINUSVÁLIDOS DE GALICIA (ASPAYM), PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN DIRIXIDO AO COLECTIVO DE LESIONADOS MEDULARES E/OU GRANDES DISCAPACITADOS RESIDENTES EN GALICIA E ÁS SÚAS FAMILIAS E O MANTENIMENTO DA ENTIDADE PARA O EXERCICIO 2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Asociación de Parapléjicos y Grandes Minusválidos de Galicia (ASPAYM), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2025. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que a entidade realizase dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas ao abeiro deste instrumento coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

Que o instrumento convencional ten por obxecto os servizos de información, orientación e asesoramento; o de transporte adaptado non cuberto por outros servizos; o de apoio psicosocial ao novo lesionado medular, e o servizo de rehabilitación integral.

Que existe unha converxencia de intereses entre as entidades asinantes de cara á consecución do obxecto referido.

Conforme ao exposto, a Consellería de Política Social e Igualdade ten interese en subscribir un convenio de colaboración coa entidade ASPAYM para contribuír ao financiamento do seu mantemento e das actividades que comporta o programa de atención dirixido ao colectivo de lesionados medulares e/ou grandes discapacitados residentes en Galicia e as súas familias que a entidade ten previsto desenvolver durante o ano 2025.

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, ASPAYM aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2025 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as actuacións obxecto dos programas subvencionados a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril , polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, s e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, que concretamente no seu artigo 21, prevé a competencia da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade para a proposta, o impulso, a elaboración das bases, e a tramitación dos procedementos de concesión e



seguimento das axudas e subvencións a través da concesión directa ás entidades prestadoras de servizos sociais no ámbito da discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

